

## SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 16 DE XUÑO DE 2021

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás doce horas e un minuto do día dezaseis de xuño de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta, de UxC; dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei, do PSdeG-PSOE; don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe, do PP; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites de AV; e integrando o Grupo Mixto, dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona María Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 16 de xuño de 2021, ás 12:00 horas, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video\_202106161001550000\_FH.mov), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### 1. Proposta de aprobación do expediente de suplemento de crédito número 2/2021

#### Acceso á videoacta – 00:00:08 horas

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 7 de xuño de 2021, que consta do seguinte teor literal:

“Visto que a aprobación do orzamento 2021 veu marcada polo impacto da Covid 19 no noso Concello.

Vista a liquidación do orzamento que arroxa un Remanente Líquido de Tesourería positivo de 8.014.837,70 €.

Vista o acordo do Consello de Ministros de data 6 de outubro que acorda a suspensión das regras fiscais para o bienio 2020-21, o que libera ós concellos, sempre dentro de criterios de prudencia, para utilización do Remanente.

Vista a memoria do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude onde se detallan e xustifican os gastos obxecto deste expediente.

Vista a imposibilidade de demorar este gasto e a imposibilidade de financiamento mediante baixas noutras aplicacións.

Visto que de conformidade coas disposicións legais vixentes, cando deba realizarse algún gasto e o crédito consignado no Orzamento sexa insuficiente, a Corporación poderá acordar unha concesión de suplemento de crédito.

Visto o disposto na décimo segunda das Bases de execución do orzamento para 2021, e a dispoñibilidade de

financiamento con cargo ao remanente líquido de tesourería.

É polo que propoño ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de suplemento de crédito número 2/2021 por importe de 187.187,00 euros nas aplicacións orzamentarias detalladas na memoria do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude financiado con remanente líquido de Tesourería.

**Segundo:** Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

**Terceiro:** No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 11 de xuño de 2021.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's). Abstéñense os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe) e os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites).

O Pleno municipal, por dezaseis votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

## **2. Compensación ao adxudicatario do contrato de *Concesión da explotación do complexo deportivo da Barcala e piscinas descubertas no Balado e O Temple* como consecuencia do peche das instalacións e das restricións que se manteñen derivadas da pandemia COVID 19, isto motivado no interese público na continuidade do servizo**

### **Acceso á videoacta – 00:08:01 horas**

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, de data 8 de xuño de 2021, que consta do seguinte teor literal:

«Tendo en conta que con data do 30 de xuño de 2005, asinouse coa entidade “HEBE SPORT, S.L.” un contrato para a concesión da explotación do complexo deportivo da Barcala e piscinas descubertas no Balado e O Temple (Expediente: 2004/25-1 CON.O.P.).

Tendo en conta o disposto no Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que supuxo a adopción de diferentes medidas polas Administracións estatal, autonómica e local, para tratar de conter a propagación da enfermidade.

Tendo en conta o disposto no Real decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, establécense unha serie de medidas para evitar os efectos negativos sobre o emprego e a viabilidade empresarial derivados da suspensión de contratos públicos, tratando de evitar a resolución destes contratos e que as medidas adoptadas polas diferentes administracións teñan un impacto estrutural negativo sobre esta parte do tecido produtivo.

Visto o disposto no artigo 34.4 do RDL 8/2020, do 17 de marzo de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, trala modificación sufrida na súa redacción como consecuencia da aprobación do Real decreto-Lei 17/2020, de 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-2019, establece que:

“4. Nos contratos públicos de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes á entrada en vigor deste real decreto-lei, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público no sentido definido no artigo 3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, a situación de feito creada polo COVID-19 e as medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou a Administración local para combatelo darán dereito ao concesionario ao restablecemento do equilibrio económico do contrato mediante, segundo proceda en cada caso, a ampliación da súa duración inicial ata un máximo dun 15 por 100 ou mediante a modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato.

O dito reequilibrio en todo caso compensará aos concesionarios pola perda de ingresos e o incremento dos custos soportados, entre os que se considerarán os posibles gastos adicionais salariais que efectivamente abonasen, respecto aos previstos na execución ordinaria do contrato de concesión de obras ou de servizos durante no período de duración da situación de feito creada polo COVID-19.

Só se procederá á devandita compensación previa solicitude e acreditación fidedigna da realidade, efectividade e importe polo contratista dos devanditos gastos.

A aplicación do disposto neste apartado só procederá cando o órgano de contratación, a instancia do contratista, apreciase a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia da situación descrita no seu primeiro parágrafo e unicamente respecto da parte do contrato afectada pola devandita imposibilidade.”

Visto que o establecido no artigo 34.4 deste Real decreto-lei 8/2020 resulta aplicable aos contratos de concesión de obras públicas vixentes á súa entrada en vigor, e calquera que sexa a normativa contractual que lle resulte aplicable, isto trala aprobación do Real decreto-lei 17/2020 (Publicado no BOE do 6 de maio de 2020), que modificou o citado art. 34 do RDL 8/2020, resultando, pois, de aplicación, ao contrato que nos ocupa.

Vista a Resolución nº 431/2020, ditada por min, na que se acordaba comunicar á empresa “Hebe Sport, S.L.” concesionaria do complexo deportivo municipal da Barcala, o peche das instalacións dende o 14 de marzo ata novo aviso

Á vista do disposto no acordo plenario de data 25 de xuño de 2020, no seu punto “Cuarto: *Requirir ao contratista para que presente, ao finalizar o estado de alarma, (ou, no seu caso, no momento da reapertura da instalación, se fose anterior), a documentación que acredite de forma fidedigna a realidade, efectividade e contía dos danos sufridos como consecuencia da perda de ingresos e, no seu caso, incremento dos custos soportados, tal e como establece o artigo 34.4 e 34.8 do RDL 8/2020, debendo acreditar ademais que está ao corrente das súas obrigas laborais e sociais. ...*”

Visto o informe do Coordinador da área de Deportes emitido tras a análise realizado da documentación presentada pola entidade Hebe Sport, S.L. en relación ás perdas sufridas como consecuencia do peche das instalacións pola situación xerada pola COVID 19, no que se fai constar que as restricións que se manteñen a data de día de hoxe impiden que o adxudicatario poida prestar o servizo nas condicións establecidas.

Visto o informe emitido polo interventor e a secretaria municipais

Dende a Área de Cultura, Deportes e Xuventude propónse ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Establecer en 21 meses, ata o 24 de xuño de 2022, o período de ampliación do contrato para a concesión da explotación do complexo deportivo da Barcala e piscinas descubertas no Balado e O Temple (Expediente: 2004/25-1 CON.O.P.) á empresa Hebe Sport S.L. (B15890809), para os efectos de compensación ao adxudicatario do contrato de concesión da explotación do complexo deportivo da Barcala e piscinas descubertas no Balado e O Temple, como consecuencia do peche das instalacións e das restricións que se manteñen derivadas da pandemia COVID 19, isto motivado no interese público na continuidade do servizo.

**SEGUNDO:** Acordar que o reequilibrio económico da concesión se realice a través do aboamento ao concesionario dunha compensación polo desequilibrio económico que se poida dar durante o período de ampliación do contrato derivado tanto da redución de ingresos como do incremento dos gastos soportados a causa da situación do COVID 19, por un importe

máximo mensual de 8.432,92 euros, ao non considerar posible acadar o reequilibrio a través dos medios establecidos na cláusula 20 do Prego de cláusulas administrativas do contrato.

**TERCEIRO:** Requirit ao contratista para que presente, a mes vencido, a documentación que acredite de forma fidedigna a realidade, efectividade e contía do desequilibrio producido como consecuencia da perda de ingresos e, no seu caso, incremento dos custos soportados, durante o período de ampliación do contrato.

Deberá acreditar ademais que está ao corrente das súas obrigas laborais e coa Seguridade social.

Todo isto sen prexuízo de que a Intervención Municipal poida solicitarlle as aclaracións correspondentes respecto á información que conste nos documentos que achegue, ou mesmo a documentación complementaria que estime precisa.

**CUARTO:** Unha vez presentada a documentación acreditativa do desequilibrio polo concesionario, deberá informarse polo órgano xestor, aprobándose o recoñecemento e liquidación de obrigas e pago posterior polo alcalde, previa proposta do concelleiro delegado da Área e unha vez fiscalizado o expediente pola intervención municipal.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 11 de xuño de 2021.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Abstéñense os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as doce horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

María Luisa de la Red Ampudia